

**RESOLUCIÓN do 5 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se dá continuidade e se amplía a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP no curso 2023/24, convocada pola resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional**

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, establece no seu artigo 6 que se promoverá a necesaria colaboración coas distintas administracións públicas e a iniciativa privada. Esta participación desenvolverase, entre outros, nos ámbitos da formación do persoal docente, a formación do alumnado nos centros de traballo e a relación doutras prácticas profesionais, así como na orientación profesional e na participación de profesionais cualificados do sistema produtivo no sistema formativo. Estableceranse procedementos de colaboración e consulta cos diferentes sectores produtivos e cos interlocutores sociais.

Esta mesma Lei orgánica 3/2022 establece que a acreditación de competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais se debe desenvolver seguindo criterios que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación.

O Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, establece o procedemento e os requisitos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos.

A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, establece que toda a formación profesional terá carácter dual, e indica que as administracións promoverán a corresponsabilidade dos centros de formación profesional e das empresas ou os organismos equiparados. Con este fin, a Lei recolle no seu artigo 89 a figura da persoa prospectora de empresas ou organismos equiparados, encargada de facilitar os contactos de centros de formación profesional e empresas ou organismos equiparados.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén promovendo unha participación máis activa da empresa no proceso formativo do alumnado de ensinanza de formación profesional. Así, no curso 2019/20 púxose en marcha a Rede galega de dinamización da FP dual, o que posibilitou que a modalidade de FP dual experimentase un importante crecemento nos últimos anos.



Mediante a Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP e se ditan instrucións para o seu funcionamento, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo en marcha a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP, que veu ampliar e reforzar o traballo realizado ata o momento pola Rede galega de dinamización da FP dual.

Esta rede traballa para promover un maior achegamento entre a formación profesional e as empresas, de xeito que se atendan as necesidades de persoal cualificado dos diferentes sectores produtivos e se favoreza a mellora da competitividade e o desenvolvemento do noso tecido produtivo.

A Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada polo Consello da Xunta o 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a colaboración público-privada entre as administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de formación profesional.

Nesta estratexia enmárcase o Plan Conecta FP Galicia, posto en marcha recentemente pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que ten entre os seus obxectivos deseñar e planificar unha oferta de formación profesional do sistema educativo que dea resposta a rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de contar con persoas coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral,

DISPÓN:

### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. O obxecto desta resolución é dar continuidade e ampliar a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP durante o curso 2023/24, e establecer os criterios do funcionamento.
2. Os centros seleccionados serán centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos que se impartan ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.

### **Artigo 2. Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP**



1. A Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP actuará baixo a dirección e a coordinación da Dirección Xeral de Formación Profesional.
2. Os centros que formaban parte da rede no curso 2022-2023 seguirán a formar parte dela. A rede estará constituída por todos os centros integrados de formación profesional (CIFP) dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e os institutos de educación secundaria (IES) que resulten seleccionados na presente convocatoria, ata un máximo de 42 centros.
3. Cada centro incluído na Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP contará cunha persoa responsable da dinamización da relación con empresas, que actuará de xeito coordinado co resto de persoas dinamizadoras da rede.
4. Esta rede actuará como punto de atención ao empresariado e aos centros de FP, establecendo unha canle de comunicación directa entre administracións, centros educativos e empresas.

### **Artigo 3. Responsable da dinamización da relación con empresas**

1. A dirección de cada centro educativo proporalle á Dirección Xeral de Formación Profesional a persoa que conte co perfil adecuado, de entre o profesorado do centro e, con carácter xeral, con destino definitivo, para o desenvolvemento das funcións de responsable da dinamización da relación con empresas.
2. A persoa responsable da dinamización da relación con empresas terá dedicación completa e exclusiva para o desenvolvemento das súas funcións.
3. A persoa responsable de dinamización actuará nos marcos xeográfico e sectorial asignados pola Dirección Xeral de Formación profesional, en coordinación co resto de persoas dinamizadoras da rede.

### **Artigo 4. Funcións da persoa responsable da dinamización da relación con empresas**

1. As funcións da persoa responsable da dinamización da relación con empresas serán as recollidas no artigo 4 da Resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea a Rede galega de dinamización da relación con empresas na FP, centrándose especialmente en:

- a) Prospección de empresas para participar en:
  - Procesos de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais.
  - Formación práctica do alumnado de formación profesional, ben na modalidade de FP dual ou ben no desenvolvemento do módulo de Formación en centros de traballo.
  - Estadías de formación de profesorado na empresa.
  - Actuacións de formación, con base tanto nos elementos curriculares formativos



existentes como nos elementos do Catálogo nacional de cualificacións ou de programas específicos axustados ás necesidades de formación que precisan as empresas.

- Proxectos de innovación profesional.
  - b) Asesoramento ás empresas que colaboren co sistema de formación profesional na modalidade de FP dual, procesos de acreditación, recoñecemento e avaliación de competencias profesionais, ou na formación do profesorado.
  - c) Difusión da formación profesional.
  - d) Calquera outra función que se lle encomende no ámbito das súas competencias.
2. Co obxecto de favorecer o correcto desenvolvemento das súas funcións, as persoas responsables da dinamización da relación con empresas deberán participar nas actividades de formación que se determinen desde a Dirección Xeral de Formación Profesional.
3. A persoa responsable da dinamización da relación con empresas coordinarase co Departamento de Relación con Empresas e co Departamento de Acreditación e Probas do seu centro, nos CIFP, e coa persoa coordinadora de FCT, nos IES, nas funcións que poidan ser complementarias, impulsando o traballo e colaborando nos obxectivos comúns.

#### **Artigo 5. Centros destinatarios da convocatoria**

Poderán participar no procedemento de selección desta convocatoria os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que impartan no curso 2023/24 ensinanzas de formación profesional.

#### **Artigo 6. Solicitude e prazo de presentación**

1. Cada centro deberá enviar unha única solicitude asinada pola persoa encargada da dirección do centro, dirixida á Dirección Xeral de Formación Profesional. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:
- a) Os centros docentes que se incorporen á rede presentarán unha solicitude motivada, asinada pola persoa encargada da dirección do centro, na que se inclúa a xustificación da necesidade de participación do centro na rede, así como a selección da persoa dinamizadora proposta.
  - b) Os centros que xa forman parte da rede comunicarán por escrito á Dirección Xeral de Formación Profesional a súa continuidade na rede e a identificación da persoa dinamizadora proposta.

As solicitudes e a documentación presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación



ao correo electrónico [sxipre@edu.xunta.gal](mailto:sxipre@edu.xunta.gal), segundo os prazos establecidos.

2. Logo de recibida a solicitude de participación, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá solicitar un informe á Inspección Educativa.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará:

- O 11 de setembro para os centros de nova incorporación á rede, os recollidos no punto 1.a) deste artigo.
- O 7 de setembro para os centros que xa forman parte da rede, os recollidos no punto 1.b) deste artigo.

### **Artigo 7. Comisión de selección**

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades seleccionará os centros que se integrarán na rede mediante unha comisión coa seguinte composición:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
- Tres vogais con categoría de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo.
- Unha persoa asesora da Dirección Xeral de Formación Profesional, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

### **Artigo 8. Criterios de valoración**

Para a valoración das propostas presentadas terase en conta que todos os ámbitos xeográficos previstos no Plan Conecta FP contén, como mínimo, cunha persoa dinamizadora de relación con empresas na FP. Na selección dos centros participantes, considerarase a poboación, a cantidade de alumnado matriculado en formación profesional no centro, a oferta formativa deste e o tecido empresarial do ámbito xeográfico correspondente.

A rede estará constituída por un máximo de 42 centros participantes.

### **Artigo 9. Resolución**

1. A comisión de selección, logo de valoradas as propostas presentadas, realizará unha proposta de resolución desta convocatoria, que elevará á Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.

2. A resolución de centros seleccionados publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal/fp>).

3. Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.



### **Artigo 10. Recoñecemento**

A persoa responsable da dinamización da relación con empresas recibirá unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández  
Directora xeral de Formación Profesional

